

**TEST TEMA 12****1. O momento da hixiene para o neno ou nena é importante porque...**

- a) Son momentos comunicativos no que se potencian as relacións e a linguaxe.
- b) Permite ao neno e nena a toma de conciencia de sensacións corporais.
- c) Avanza cara a súa autonomía.
- d) Todas son correctas

**2. O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se ordena e establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, na Área de crecemento en harmonía recolle que os momentos de hixiene pertencen a ...**

- a) Momentos íntimos entre o adulto e o neno ou nena.
- b) Rutinas estables, planificadas a partir dos ritmos biolóxicos e vinculadas á adquisición progresiva de hábitos saudables
- c) Actividades a incluír na Proposta pedagóxica.
- d) Todas son falsas

**3. Os momentos de hixiene e descanso forman parte das...**

- a) Metodoloxías
- b) Rutinas cotiás
- c) Actividades concretas
- d) Propostas de xogo

**4. Que aspectos fundamentais se contemplan dentro da hixiene corporal na escola?**

- a) Lavado de mans e cara, o baño ou ducha, a limpeza do nariz e a hixiene dos dentes.
- b) Lavado corpo, o baño ou ducha, a limpeza do nariz e a hixiene dos dentes.
- c) Lavado de mans e cara, o baño ou ducha, hixiene das unllas, a limpeza do nariz e a hixiene dos dentes.
- d) Todas son falsas

**5. A partir de que idade o persoal educador pode comezar a traballar o inicio da hixiene corporal por parte dos nenos e nenas?**

- a) Dende que se manteñen sentados, aproximadamente a partir dos 8 meses.
- b) Dende que adquiren a fala, a partir dos 18 meses.
- c) A partir dos 12 meses aproximadamente.
- d) Son moi pequenos/as para o traballo de hixiene corporal.

**6. Se temos que proceder ao baño dun bebé teremos que asegurarnos que a auga se atopa a seguinte temperatura ...**

- a) 26-27°C
- b) 32-36°C
- c) 36-37°C
- d) Hai que meter o cóbado na auga e que non queime

**7. O Decreto polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, distingue que ...**

- a) As salas destinadas a nenos e nenas menores de 2 anos, disporán de salas diferenciadas para o descanso e a hixiene.
- b) As salas destinadas a nenos e nenas maiores de 2 anos, disporán de salas diferenciadas para o descanso e a hixiene.
- c) As salas destinadas a nenos e nenas maiores de 2 anos, disporán de salas diferenciadas para descanso, hixiene e alimentación.
- d) Non é preciso ter áreas diferenciadas de descanso, só na aula de 0-1 anos.

**8. Que sinal ou sinais son significativas por parte dos nenos e nenas para o comezo do control de esfínteres?**

- a) O neno ou a nena ten interese; achegase ao wc cando van os seus iguais e mostra interese, é autónomo á hora de subir e baixar a roupa..
- b) Cando mostra incomodidade cando ten o cueiro sucio; con pis ou caca, e faillo saber ao adulto.
- c) Emprega o penico ou wc adaptado e pide para facer pis ou caca.
- d) Todas son correctas.

**9. No momento do cambio de cueiros prodúcense aprendizaxes a nivel ...**

- a) Motor e cognitivo.
- b) Motor e social.
- c) Motor, cognitivo e social entre outros.
- d) O cambio de cueiros é unha rutina polo que non se produce aprendizaxes.

**10. Cal é o síntoma da Candidiase oral ou Muguet?**

- a) A aparición de cor vermella e inchazón das enxivas provocado pola placa dental.
- b) A aparición de placas brancas cunha base vermella na zona do padal, meixelas e lingua.
- c) Abrandecemento dos dentes, os cales vólvense porosos e decolorados.
- d) Todas son falsas

**11. Como é a limpeza da área xenital das nenas?**

- a) Área xenital de adiante cara atrás e limpar delicadamente os pregues.
- b) Área xenital de atrás cara adiante e limpar delicadamente os pregues.
- c) Primeiro dende a área xenital de adiante cara atrás e posteriormente de atrás cara adiante, limpando delicadamente os pregues.
- d) Todas son falsas

**12. A facemos referencia co termo de hixiene?**

- a) A hixiene ten por obxecto o estudo das condicións que inflúen nos hábitos do ser humano. Os seus obxectivos son mellorar a saúde, conserva-la e previr as enfermidades ou infeccións.
- b) A hixiene ten por obxecto o estudo das condicións que inflúen na saúde do ser humano. Os seus obxectivos son mellorar a saúde, conserva-la e previr as enfermidades ou infeccións.
- c) A hixiene é conxunto de prácticas ou comportamentos orientados a manter unhas condicións de limpeza do entorno no que viven as persoas.
- d) Todas son falsas.

**13. Que é a encoprese?**

- a) É a falta do control do esfínter urinario a partir dos 5 anos, con emisións involuntarias ou voluntarias que se repiten ao menos dúas veces por semana durante un mínimo de 3 meses consecutivos e provoca malestar significativo.
- b) É a falta do control do esfínter anal a partir dos 4 anos, con emisións involuntarias ou voluntarias que se repiten ao menos unha vez ao mes durante un mínimo de 3 meses e non se pode atribuír aos efectos fisiolóxicos dunha substancia.
- c) É a falta do control do esfínter anal a partir dos 5 anos, con emisións involuntarias ou voluntarias que se repiten ao menos unha vez ao mes durante un mínimo de 3 meses e non se pode atribuír aos efectos fisiolóxicos dunha substancia.
- d) Todas son falsas

**14. Dentro da hixiene bucal teremos especial coidado cos bebés. Seguindo o “Protocolo de diagnóstico, pronóstico y prevención de la caries de la primeira infancia” da Sociedade Española de Odontopediatras, que recomendación debemos seguir?**

- a) Evitar que a nai lle dea bicos na boca durante o primeiro ano de vida para transmitirlle ao bebé as bacterias típicas da boca a través da saliva
- b) Compartir a culler na comida, especialmente durante os dous primeiros anos de vida, para asegurar a súas condicións hixiénicas.
- c) Limpar inmediatamente o chupete do bebé coa nosa saliva cando este se ensucie.
- d) Arrefriar a comida soprando directamente sobre a culler antes de introducila na boca do bebé para evitarlle queimaduras en enxivas, padal ou lingua.

**15. Que proceso diario é necesario para manter o equilibrio mental, emocional e o benestar persoal?**

- a) Descanso.
- b) Sono.
- c) Vixilia.
- d) Todas son falsas

**16. Porque se caracteriza o Sono NON REM?**

- a) Por ser un sono inquieto e con fácil espertar.
- b) Por ser un sono inquieto e profundo que dura entre 90-100 minutos.
- c) Por ser un sono tranquilo e profundo.
- d) Por ser un sono tranquilo e con fácil espertar.

**17. Cal é a característica principal da Fase I do sono?**

- a) O sono é tan superficial que calquera estímulo pode provocar que a persoa esperte.
- b) O sono faise máis profundo pero aínda é un sono lixeiro.
- c) É onde se produce o paso do sono lixeiro ao sono profundo.
- d) O é sono profundo, a inconsciencia é completa.

**18. Que significa *microespertar*?**

- a) É o momento no que ao rematar cada ciclo de sono, e inclusive dentro das diferentes fases do ciclo, danse unha serie de espertares, de 4 a 5 cada noite.
- b) É o momento no que ao rematar cada ciclo de sono, e inclusive dentro das diferentes fases do ciclo, danse unha serie de espertares, de 6 a 10 cada noite.
- c) É o momento no que ao rematar cada fase de sono danse unha serie de espertares, de 6 a 10 cada noite.
- d) Todas son falsas

**19. Que diferencia existe entre os terrores nocturnos e os pesadelos?**

- a) Nos terrores nocturnos o neno ou nena lémbrese ao espertar ao día seguinte do acontecido no soño e nos pesadelos non.
- b) Nos pesadelos o neno ou nena lémbrese ao espertar ao día seguinte do acontecido no soño e nos terrores nocturnos non.
- c) Tanto nos pesadelos como nos terrores nocturnos, lémbrese perfectamente o acontecido no soño.
- d) Tanto nos pesadelos como nos terrores nocturnos, no se recorda moi ben o acontecido no soño.

**20. Que alteración do sono ten como característica que o individuo sofre unha insatisfacción por calidade ou cantidade das súas necesidades de sono?**

- a) Parasomnias.
- b) Insomnio.
- c) Hipersomnia.
- d) Somniloquia.

**21. Cando estamos máis dispostos para a aprendizaxe denomínase ...**

- a) Vixilia.
- b) Vixilia activa.
- c) Vixilia pasiva.
- d) Todas son falsas.

**22. Cantas horas de media soe durmir un bebé de 6 a 9 meses?**

- a) De 10 a 15 horas entre o sono nocturno e diúrno.
- b) De 11 a 14 horas de sono nocturno.
- c) De 11 a 14 horas entre o sono nocturno e diúrno.
- d) De 12 a 16 horas entre o sono nocturno e diúrno.

**23. A que fan referencia “Episodios repetidos nos que o individuo se levanta da cama e camiña durante o sono”?**

- a) Somnambulismo.
- b) Funambulismo.
- c) Síndrome de pernas inquedas (SPI).
- d) Terrores nocturnos.

**24. Cal ou cales das seguintes características se refiren ao Sono rápido ou REM:**

- a) Nesta fase o noso corpo está profundamente relaxado, pero a nosa mente presenta gran actividade, é o momento no que se producen os soños.
- b) Soe durar entre 15 ou 20 minutos. O ritmo cardíaco, a presión e o movemento dos ollos aumentan. As ondas cerebrais predominantes son as theta.
- c) Trátase da fase máis activa do sono, na que o cerebro permanece activo, e o corpo paralizado debido a unha atonía muscular. Polo tanto hai unha desconexión entre o cerebro e o corpo.
- d) Todas son correctas

**25. A que nos referimos coa seguinte definición: *Consiste na recuperación do estado de vixilia e as constantes que o caracterizan, é un hábito que se aprende e se adquire.***

- a) Adormecemento.
- b) O sono.
- c) O espertar.
- d) Todas son falsas.

**RESPOSTAS TEST TEMA 12**

- |     |   |     |   |
|-----|---|-----|---|
| 1.  | D | 14. | A |
| 2.  | B | 15. | B |
| 3.  | B | 16. | C |
| 4.  | A | 17. | A |
| 5.  | C | 18. | B |
| 6.  | C | 19. | B |
| 7.  | A | 20. | B |
| 8.  | D | 21. | B |
| 9.  | C | 22. | C |
| 10. | B | 23. | A |
| 11. | A | 24. | D |
| 12. | B | 25. | C |
| 13. | B |     |   |